



## **R revalida a súa colaboración con APD para potenciar a ciberseguridade das empresas galegas**

- *A directora da zona noroeste da Asociación para o Progreso da Dirección (APD) e o director de R confirmaron a renovación do acordo.*
- *Así, R prosegue en Galicia a súa colaboración coa APD, impulsando actividades que esta vez porán o foco na necesidade de robustecer a ciberseguridade das pemes, en pleno proceso de dixitalización.*
- *Asociación e operadora ratifican, un ano máis, a súa confianza mutua e compromiso compartido en favor da formación e do intercambio de experiencias entre empresas e expertos/as.*

**Xoves, 22 de febreiro de 2024.-** Este ano, a alianza entre o operador galego **R** e a Asociación para o Progreso da Dirección (APD) concentrará os seus esforzos en reforzar a formación e aplicacións da **ciberseguridade en pequenas e medianas empresas galegas**.

O acordo de patrocinio, recentemente renovado pola directora da zona noroeste de APD, Ana Sánchez, e polo director de **R**, Alfredo Ramos, actualiza a confianza e a aposta que dende hai anos desenvolven conxuntamente empresa e asociación en aras de iniciativas que xeren valor nos membros da comunidade empresarial e, ao final, nas propias compañías.

### **Unha nova era que reclama ciberseguridade a todos os niveis**

O director da operadora galega **R** –na que confían unhas 5.900 empresas do territorio– subliñou a súa satisfacción por “*renovar o noso compromiso para seguir acompañando as empresas de Galicia no seu percorrido cara á dixitalización plena. Ante as inxentes posibilidades tecnolóxicas dos nosos días (5G, Intelixencia Artificial, Big Data...) non podemos desviar o foco da ciberseguridade como unha das claves para o desenvolvemento das nosas pemes. Impulsar prácticas ciberseguras e formar profesionais e directivos/as das empresas para crear contornas dixitais robustas é para **R** e APD unha prioridade compartida que poremos aínda máis en valor. Así, as nosas empresas poderán optimizar recursos e, sobre todo, competir a calquera nivel e en calquera mercado do mundo*”, concluíu Alfredo Ramos.

Pola súa banda, a directora da zona noroeste de APD, Ana Sánchez, fixo fincapé en que *“poñer en marcha accións conxuntas que potencien as relacións entre as organizacións de Galicia é fundamental de cara a lograr unha comunidade máis preparada, que poida afrontar os retos de futuro e ben enfocada para potenciar a xeración de novas oportunidades de negocio”*.

A renovación do acordo referenda, en suma, o compromiso de **R** coa contorna empresarial do territorio, máis aló da actividade institucional, e a aposta conxunta coa APD por promover o **intercambio de coñecementos e experiencias** das persoas que desenvolven tarefas de alta dirección nas empresas. Un obxectivo extensible tanto a entidades privadas como públicas e a profesionais que interveñan directamente ou a quen o faga de xeito delegado no goberno e administración de compañías ou organismos.

### **‘Networking’ para visibilizar experiencias ciberseguras**

Entre as actividades que se van desenvolver en Galicia neste novo treito de colaboración **R-APD** destaca un encontro **networking sobre tecnoloxía e negocio**, concibida como oportunidade para aprender de primeira man e pór en práctica unha **xestión efectiva e eficiente da ciberseguridade**.

Os/as voceiros/as de **R** achegarán a súa visión sobre a transformación dixital das empresas galegas incidindo no necesario **reforzo das contornas ciberseguras** nun contexto que esixe adaptarse rapidamente aos cambios e protexer as empresas das ameazas dixitais cada vez máis diversas e sofisticadas.

E todo iso, compartindo ferramentas e coñecementos con expertos/as nun foro especializado en debullar as tendencias que están a mudar as persoas e as empresas a unha velocidade abraiante nos nosos días.

#### **sobre APD**

*A Asociación para o Progreso da Dirección (APD), creada en 1956, é unha entidade independente, sen ánimo de lucro e de ámbito internacional. Con máis de 3.800 empresas socias en seis países e presenza en todo o territorio nacional, a súa visión é a de chegar a ser a comunidade global de directivos/as máis influente e xeradora de coñecemento e ‘networking’ para o desenvolvemento da sociedade.*

#### **sobre R**

**R** é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego é, ademais, unha das empresas do Grupo MASMOVIL, que se converteu en menos dun ano dende a súa integración na súa insignia en Galicia, onde xa superou a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e máis do 90 % da poboación con dispoñibilidade de acceso ao 5G.

#### **comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)